# GUÍA DE USO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

## Como acceder ao servizo

Podes acceder ao servizo de préstamo interbibliotecario desde a barra superior do menú do catálogo Crunia




desde a páxina web da biblioteca: https://www.udc.es/biblioteca




e desde os rexistros bibliográficos de Crunia despois de autenticarte. Podes consultar a seguinte [infoguía]




Cando accedas ao [servizo de préstamo interbibliotecario]




Se es membro da UDC, o sistema pedirá que te identifiques cos contrasinais da Universidade:

- Se xa realizaches algunha petición accederás ao teu menú directamente.
- Se é a primeira vez que solicitas un documento pedirache que te rexistres



e terás que cubrir este formulario:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Inicio Idiomas

Rexistro de usuario GTBib-SOD

Os campos con * son necesarios

**Apelidos, nome:** *

**DNI:** *

**Correo electrónico:** *

**Teléfono:** *

**Facultade/Escola/Instituto:** *

**Tipo de usuario:** ------- seleccionar --------

**Departamento:** ------- seleccionar --------

**Escolla un contrasinal:** *

**Notas:**

☐ En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á la libre circulación destes datos, e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que vostede nos facilite a través da presente instancia xeral, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal. *
A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión do servizo de préstamo interbibliotecario. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da posibilidade de exercitar en calquera momento o dereito de solicitar a supresión dos datos.

Mediante a cumprimentación deste formulario, vostede consinte expresamente no citado tratamento de datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita, e terá dereito en calquera momento a retirar o seu consentimento, a solicitar ao responsable do tratamento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia "protección de datos". Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á/ao Delegada/o de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Lembra que se eres membro da comunidade universitaria tes que poner o correo institucional.

Cando o servizo de préstamo interbibliotecario confirme a túa alta recibirás unha mensaxe de correo electrónico informándote.

**Universidade da Coruña**

Universidade da Coruña
Servizo de Biblioteca Universitaria
Edificio Xoana Capdevielle, 2º andar. Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña (A Coruña)
tf: 981167000 ext.5676 fax: 981167015
Mail: sod@udc.es

DATOS DE ACCESO

Apreciado usuario ,
Se encuentra registrado en el sistema de préstamo interbibliotecario.
Puede acceder a través del sistema de validación de su institución, directamente con la siguiente URL
https://udc.gtbib.net/sod/poa_login.php?centro=$UCG
Saludos,

Sección de Acceso ao Documento
Servizo de Biblioteca Universitaria
Universidade da Coruña.
Edificio Xoana Capdevielle, 2º andar.
Campus Elviña, s/n
15071 A Coruña (España)

(+34) 881 015676-881015675

Se non pertences á comunidade universitaria e non tes contrasinais de acceso, o primeiro paso é que solicites a alta como persoa usuaria externa en calquera biblioteca da UDC ou en liña. Unha vez esteas dada de alta no Servizo de Biblioteca, poderás rexistarte no servizo de préstamo interbibliotecario cubrindo o formulario.




## Menú de usuario/a

O menú de usuario/a do sistema de xestión do préstamo interbibliotecario (GTBib) permite:

- Facer peticións de documentos
- Ver o estado das túas peticións
- Acceder aos documentos xa consultados e que poden borrarse
- Cambiar o contrasinal (sempre que non utilices as credenciais da UDC para acceder ao sistema)




## Realizar unha petición de documento

Podes realizar a túa petición desde o teu menú de usuario/a

O formulario de solicitude de documentos pódese cubrir de dúas maneiras:

- ou ben introducindo o DOI ou Pubmed ID e desta manera, completaranse o resto dos campos automaticamente
- ou ben cubrindo os diferentes campos manualmente.

É importante indicar o maior número de datos posible na solicitude para facilitar a localización da publicación e o tipo de publicación (revista, teses...) e se solicita un préstamo no caso dos libros.




Todas as comunicacións relacionadas coas túas solicitudes que realice o servizo de préstamo interbibliotecario, serán a través do correo electrónico.

## Consultar o estado das súas peticións

Nesta opción aparecen as peticións que fixemos e as que están en proceso de xestión. Poderemos:

- reclamar as peticións, cando pasase un prazo de tempo razoable e non recibísemos contestación
- cancelar a petición se xa non nos interesa
- renovar o nosos préstamos



Se prememos en "información", aparece un formulario para contactar ou achegar nova información sobre o documento.




No caso de que teñamos algún libro prestado, na petición aparece a data de devolución e a opción de renovalo se nolo permite o subministrador do documento:




Cada petición contén unha ficha con datos como a data en que foi servido ou a de devolución.




Ademais desde esta pantalla permítenos exportar estas referencias bibliográficas aos xestores Mendeley e Refworks.

## Documentos pendentes de borrar

Nesta opción podemos acceder ao ficheiro no que se cargan as copias dos artigos ou capítulos de libros que solicitamos. Nela, tras os datos bibliográficos, veremos a información sobre o arquivo e o número de accesos ao mesmo e as seguintes opcións:

- Descargar. Recoméndase eliminar o ficheiro unha vez descargado para non saturar os servidores.
- Eliminar
- Albará: ofrécenos un documento con toda a información da petición




Cando teñamos dispoñible o documento no apartado “documentos pendentes de borrar”, tamén aparecerá un aviso na pantalla principal do programa




## Menú de datos persoais. Modificar perfil

Mediante este despregable é posible consultar e solicitar a modificación dos nosos datos persoais.




Modificar datos

Apelidos, nome:
Martín, Mariano

Facultade/Escola/Instituto:
Biblioteca Central

Teléfono:
3972

Teléfono móbil

DNI:

Correo electrónico:
marianom@udc.es

Departamento:
EMPRESA

Tipo de usuario:
PF-PROFESOR DA UDC, EMERITO, XUBILADO, ETC.

Notas:

solicitar la modificación

## Contacto

Podes acceder ao formulario de contacto para consultar dúbidas e comunicar incidencias á nosa biblioteca.

Para abrir o formulario, débese premer en **contactar**

